

# Prelectores

É o primeiro día de Daisy na escola de vacas, e os becerraños pásano pipa, pero Daisy non se acaba de afacer. Os seus cascos pintan diferente, a súa bosta non é igual e o mesmo pasa cas clases de remoer, e de espantar moscas co rabo. As outras vacas e touros preguntanse se Daisy é unha vaquiña normal, ata que as pitas deciden tomar cartas no asunto!



Editorial: Patas de Peixe



Hai persoas que nos ensinan a ver con outros ollos, a ler con outras palabras. Con elas aprendemos que, ás veces, un sol pode ser unha lúa... Por primeira vez, un conto de autor adaptado ao sistema de pictogramas.


Editorial: Kalandraka

A cola do paporrubio, cinco pasos. O pescozo do flamengo, o pico do tucán... Que útil é unha eiruga para medir cousas!



Editorial: Kalandraka

# Ma Victoria Moreno



Recomendacións de lecturas  
CEIP "San Roque"  
Xuño 2018



Se queres vivir aventuras no verán fai lecturas.

## Primeiros lectores



Un conto sobre o consumismo, con lobos, gatos e xigantes. Lobiño Feroz é o maior admirador do Gato con Botas, a estrela infantil de moda entre os animais do bosque. Todos queren vestir o seu sombreiro, empuñar a súa espada e calzar as súas botas, algo que o tío do Lobiño aproveita para facer negocio.

Editorial: Xerais

Un neno extraterrestre chegou de intercambio ao coleio de Tomás. O pobre non entende moi ben como funcionan as cousas na Terra e sorpréndese constantemente dalgúns comportamentos, como aquel día no recreo en que un neno maior intimida a un pequeno para que lle dea o seu bocadillo, ou aqueloutro no que os amigos de Tomás rin dunha nena máis pequena porque se lle caeu o xeadoo...



Editorial: Beascoa



Dende o ártico ao deserto, en calquera continente, cidade ou tribo, todos os bebés nacen con dez dedos e dez dedas. Tenrura rimada, repetitiva e acumulativa para viaxar polo mundo en clave

de diversidade e igualdade.

Editorial: Kalandraka

## Lectores autónomos



A inspiradora vida de 50 nenos que se converteron en superheroes sen necesidade de capa nin espada. Descubre as historias de personajes como Albert Einstein, Andre Agassi, Charles Darwin, Dalái Lama, Félix Rodríguez de la Fuente, John Lennon, Julio Verne, Leonardo da Vinci, Mahatma Gandhi, Pedro Duque, entre muchos otros.

Editorial: Duomo

A familia de Mariña múdase a unha nova casa. Unha casa moi especial, pois axiña descobre que o corredor está cheo de fantasmas. Polo día non se ven, mais pola noite saen das paredes e andan de troula polo corredor. Só Mariña sabe que existen, pois ninguén máis da familia os ve. E a nena deberá atopar unha proba que permita desvelar a presenza dos fantasmas.



Editorial: Xerais



Versos urbanos protagonizados por unha nena con superpoderes para converter a hora de comer nun xogo disparatado e facer unha festa con improvisados instrumentos musicais, ou parafacer dun accidente caseiro a escusaperfecta para fantasiar.

Editorial: Kalandraka

## Lectores expertos

Extravaganza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. Os seus pais son dous biólogos de moita sona. Semellan estar algo tolos, pero queren aos animais e mais á súa filla pola vida. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravaganza soa na casa. Ela está encantada. Vivir sen pais é o mellor que lle pode pasar a unha nena... agás se os teus pais non dan sinais de vida durante semanas. .



Editorial: Xerais



Unha mestra contoulles un día aos compañeiros que viña de poñer escola nun barco, o Arroás. Como non a creron, e ela sabe que non o soñou, escribe a historia para que os rapaces a coñezan.

Editorial: Xerais

Unha das primeiras correspondentes de guerra foi galega, tamén unha das primeiras navegantes, escritoras ou directoras dun xornal. Este libro fala de doce mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes. Mulleres reais e diversas que no seu día foron pioneiras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor.



Editorial: Xerais